

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 28 de novembro de 2022 pola que se contrata persoal laboral fixo na categoría profesional condutor/a, grupo IV 1, en virtude de probas selectivas convocadas pola Resolución do 28 de xuño de 2021.

De conformidade coa proposta elevada polo tribunal cualificador das probas selectivas convocadas pola Resolución do 28 de xuño de 2021 (*Diario Oficial de Galicia* do 13 de xullo) para cubrir con persoal laboral fixo dúas prazas da categoría profesional condutor/a, grupo IV 1, unha vez comprobado que as persoas seleccionadas reúnen os requisitos exixidos na base 2 da convocatoria e de conformidade co disposto no artigo 85.j) dos estatutos da USC,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a proposta feita polo tribunal cualificador e contratar como persoal laboral fixo, na categoría profesional condutor/a, as persoas que superaron o proceso selectivo pola quenda de acceso libre e que se relacionan no anexo desta resolución.

Segundo. As persoas seleccionadas formalizarán o seu contrato ante o Servizo de Xestión de Persoal, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2022

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

CVE-DOG: b9hdp8p7-blz3-wbz0-py50-84z7py47mwu5



ANEXO
Quenda de acceso libre

Número de orde	DNI	Apelidos e nome
1	***8242**	Rial Eiras, Fernando
2	***6616**	Souto Sieiro, Manuel

CVE-DOG: b9hdp8p7-blz3-wbz0-py50-84z7py47mwu5

